



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|------------------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2022/23 |
| Asignatura (*) | Fundamentos de Economía: Industria da Moda | Código | 710G03003 | |
| Titulación | Grao en Xestión Industrial da Moda | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuatrimestre | Primeiro | Formación básica | 6 |
| Idioma | Inglés | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Análise Económica e Administración de EmpresasEconomía | | | |
| Coordinación | Varela Candamio, Laura | Correo electrónico | laura.varela.candamio@udc.es | |
| Profesorado | Varela Candamio, Laura | Correo electrónico | laura.varela.candamio@udc.es | |
| Web | https://humanidades.udc.es/estudos/gim | | | |
| Descrición xeral | Coñecer os fundamentos básicos das cuestións económicas máis relevantes, tanto na súa vertente macroeconómica como microeconómica. O estudo dos conceptos fundamentais, instrumentos e principios de economía permite comprender as decisións económicas da cidadanía nos seus diferentes roles como consumidores, inversores, votantes, empregadores/empregados, emprendedores, etc. O desenvolvemento desta materia está pensado en última instancia para entender a industria da moda e poder aplicar o aprendido sobre o funcionamento dos mercados (empresas e clientes) e a análise da competencia empresarial ás cuestións e problemáticas desta industria. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A2 | Coñecer os aspectos da contorna que inflúen na evolución do mundo da moda e as súas empresas, con especial incidencia no impacto das cuestións económicas e legais. |
| A7 | Coñecer a realidade e os condicionantes sociais que inflúen no mundo da moda, con perspectiva de evolución histórica. |
| B1 | Que o estudantado demostrase posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e se adoita atopar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo. |
| B2 | Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dun xeito profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| B3 | Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |
| B4 | Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado. |
| B5 | Que o estudantado desenvolvera aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía. |
| B6 | Capacidade para a cooperación, o traballo en equipo e a aprendizaxe colaborativa en contornos interdisciplinares. |
| B7 | Capacidade para analizar tendencias (razoamento crítico). |
| B8 | Capacidade de planificación, organización e xestión de recursos e operacións. |
| B9 | Capacidade de análise, diagnóstico e toma de decisións. |
| C2 | Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro. |
| C7 | Desenvolver a capacidade de traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sostible ambiental, económico, político e social. |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

| Resultados da aprendizaxe | |
|---------------------------|-------------------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título |
| | |



| | | | |
|--|----------|----------------------------|----------|
| Comprender o funcionamento real da economía na sociedade contemporánea e mais as interrelacións dos ámbitos empresarial, laboral, financeiro, social e político para acadar unha percepción xeral dos problemas microeconómicos e macroeconómicos en entornos internacionais e globalizados. | | B1 B2 B3 B4 B5 | |
| Capacidade de síntese e de aplicación práctica dos conceptos teóricos para o tratamento e resolución de problemas económicos en xeral (e da industria da moda, en particular) de forma reflexiva, crítica e autónoma. Capacidade de expresión oral e escrita. Capacidade de traballo en equipo. | | B6 B7 B8 B9 | C2 |
| Sensibilización na obriga de todo cidadán de contribuír cos seus coñecementos a tratar de resolver as necesidades humanas individuais e colectivas cunha mellor comprensión da natureza e problemática destas últimas. Desenvolvemento do alumnado na toma de decisións económicas ao longo da súa vida tendo presente o enfoque da economía sostible (vínculos económico-social-ambiental) como fonte de xeración de benestar a longo prazo | A2 A7 | | C7 C8 |

| Contidos | |
|--|--|
| Temas | Subtemas |
| MODULO I. INTRODUCCIÓN | Tema 1. Principios económicos básicos Tema 2. Modelos económicos |
| MÓDULO II. MICROECONOMÍA, MERCADOS E COMPETENCIA | Tema 3. Oferta e demanda Tema 4. As elasticidades Tema 5. A curva de oferta Tema 6. A competencia perfecta Tema 7. Monopolio, oligopolio e competencia monopolística |
| MÓDULO III. MACROECONOMÍA E FINANZAS | Tema 8. Macroeconomía: unha visión global Tema 9. Medición da macroeconomía Tema 10. Crecemento económico a longo prazo Tema 11. O diñeiro, a banca e os bancos centrais Tema 12. O comercio internacional |
| MÓDULO IV. A INDUSTRIA DA MODA | Bloque A) Definición da moda, o luxo e mais os sistemas competitivos complexos e a lóxica empresarial Bloque B) Modelos de negocio da industria da moda Bloque C) Identidade de estilo e o proceso de desenvolvemento do produto Bloque D) Identidade de imaxe e o proceso de comunicación Bloque E) Venda ao por menor (retail) e estratexias de distribución |

| Planificación | | | | |
|----------------------------|---------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral | B1 B2 B3 B4 B5 C2 | 56 | 0 | 56 |
| Traballos tutelados | B4 B5 B8 B9 | 0 | 30 | 30 |
| Aprendizaxe colaborativa | A2 A7 B5 B6 B7 C7 C8 | 4 | 18 | 22 |
| Aprendizaxe servizo | A2 A7 B2 B4 | 3 | 15 | 18 |
| Proba de resposta múltiple | B1 B2 B3 B4 B5 | 4 | 0 | 4 |
| Proba obxectiva | B1 B2 B3 B4 B5 | 2 | 0 | 2 |
| Atención personalizada | | 18 | 0 | 18 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías |
|--------------|
|--------------|



| Metodoloxías | Descrición |
|----------------------------|---|
| Sesión maxistral | A profesora explicará cada un dos temas do programa, insistindo nos conceptos fundamentais e as súas interrelacións. A asistencia a clase ten a consideración de obrigatoria, aínda que non se pasará lista. |
| Traballos tutelados | Os alumnos resolverán cuestións e problemas relacionados con cada un dos capítulos do temario. O profesor explicará previamente a metodoloxía que debe seguirse e a orientación bibliográfica. |
| Aprendizaxe colaborativa | Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas por la profesora para optimizar a propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo. |
| Aprendizaxe servizo | Metodoloxía que combina o servizo á comunidade coa aprendizaxe nun só proxecto, no que o alumnado se forma traballando en necesidades reais do seu entorno coa fin de melloralo. O proxecto desta materia leva por título "Economía con ciencia e conciencia: fomentando o desenvolvemento sostible" destinado a colectivos en risco de exclusión social. |
| Proba de resposta múltiple | Proba obxectiva que consiste en formular unha cuestión en forma de pregunta directa ou de afirmación incompleta, e varias opcións ou alternativas de resposta que proporcionan posibles solucións, das que só unha delas é válida. |
| Proba obxectiva | O exame final da materia é de carácter escrito. Optarase preferiblemente por probas tipo test de resposta múltiple aínda que poderá constar tamén de preguntas breves e/ou preguntas de ensaio. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--|---|
| Aprendizaxe colaborativa Aprendizaxe servizo Traballos tutelados | A profesora estará dispoñible para a atención personalizada ao alumnado cando o requiran presencialmente ou por correo electrónico, para aqueles temas que estimen oportunos en relación co temario da asignatura e, particularmente, para resolver as dúbidas do proceso de elaboración do traballo tutelado e/ou do proxecto aprendizaxe-servizo. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|----------------------------|---------------------------|---|---------------|
| Aprendizaxe colaborativa | A2 A7 B5 B6 B7 C7 C8 | Esta actividade forma parte da avaliación continua. Valoraranse os coñecementos e habilidades amosadas polo alumnado no desenvolvemento dun traballo tutelado en pequenos grupos para a avaliación do cuarto módulo do programa. A metodoloxía poderá consistir na aprendizaxe colaborativa (incluída a internacional e/ou en liña) ou no desenvolvemento dun proxecto de aprendizaxe-servizo, cunha puntuación máxima de 3 puntos. | 30 |
| Proba obxectiva | B1 B2 B3 B4 B5 | Valoraranse os coñecementos e competencias mostradas polo alumnado no exame final proposto polo equipo docente, debendo obter un mínimo de 2 puntos sobre 4. | 40 |
| Proba de resposta múltiple | B1 B2 B3 B4 B5 | Esta actividade forma parte da avaliación continua. Valoraranse os coñecementos e habilidades amosadas polo alumnado na realización de probas obxectivas (parciais) dos tres primeiros módulos do programa, cunha puntuación máxima de 3 puntos. | 30 |

Observacións avaliación



Os criterios de avaliación son os seguintes:

1. Calificación de non presentado: Corresponde ao alumno, cando só participen en actividades de avaliación que teñan un peso inferior ao 20% da nota final, independentemente da calificación acadada.
2. Segunda oportunidade e convocatoria adiantada:
 - a) Segunda oportunidade: As condicións de avaliación da segunda oportunidade (artigo 18, apartado 5, das Normas de Avaliación, Revisión e Reclamacións das Calificacións dos Estudos de Grado e Mestrado) dictaminan que a segunda oportunidade debe garantir a posibilidade de superación da materia polo estudante, polo que comprende modificar as porcentaxes de calificación respecto da primeira oportunidade. Así mesmo, a actividade da segunda oportunidade consistirá nun único exame final que representará o 100% da nota final e que se realizará na data do calendario oficial. Neste exame final:
 - a) O traballo tutelado (aprendizaxe colaborativa) da primeira oportunidade será substituído por unha pregunta de redacción para avaliar o cuarto módulo do temario.
 - b) Os exames parciais (proba de resposta múltiple) e o exame final (proba obxectiva) da primeira oportunidade serán substituídos por un exame obxectivo para avaliar os tres primeiros módulos do temario.Alternativamente, na segunda oportunidade, o alumno poderá conservar as cualificacións obtidas na avaliación continua da primeira oportunidade (cunha ponderación do 30% na nota final) e, neste caso, o exame final da segunda oportunidade representará a restante 70%.
 - b) Oportunidade adiantada: As condicións de avaliación da oportunidade adiantada (artigo 19 das Normas de Avaliación, Revisión e Reclamacións das Calificacións dos Estudos de Grado e Mestrado Universitario) serán específicas para esta oportunidade. Esta será avaliada por medio dunha proba obxectiva que representará o 100% da calificación final.
 3. Estudantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia: Na primeira e segunda oportunidade, os criterios de avaliación rexiránse de acordo á realización dunha proba obxectiva cun peso do 100% sobre a calificación final. Consistirá nunha proba obxectiva na que se incluírán cuestións teóricas e prácticas nas que os estudantes terán que demostrar ter alcanzado as competencias e os resultados de aprendizaxe da materia.
 4. Sobre condicións de avaliación final: Está prohibido acceder á aula de exame con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou almacenamento de información.
 5. Identificación do estudante: O alumno deberá demostrar a súa personalidade de acordo coa normativa vixente.

Outras observacións de avaliación. Sobre mínimos nos criterios de avaliación: Non se require unha calificación mínima na parte da avaliación continua. Para a proba mixta é necesario obter un 50% da calificación posible para poder superar a materia. Este requisito aplícase tanto á primeira como á segunda oportunidade. No conxunto, o estudante deberá obter unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a materia, pero sempre que na proba obxectiva acade un mínimo do 50% da puntuación da proba.

As clases son presenciais e, polo tanto, a asistencia a clase é obrigatoria.

Fontes de información

| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | Krugman, P., Wells, R. & Graddy K. (2014). Essentials of economics. 3rd Edition. Reverté Krugman, P., Wells, R. & Graddy, K. (2014). Fundamentos de economía. 3rd Edition. Reverté Dillon, S. (2012). Principios de gestión en empresas de moda. Barcelona. Editorial Gustavo Gili. Martin, M.S. (2009). El todo en uno del diseñador de moda. Barcelona: Promopress. |
| Bibliografía complementaria | Pindyck R. S. and Rubinfeld, D. L. (2013). Microeconomics. Pearson Frank, R.H. (2010). Microeconomics and Behavior. McGraw-Hill Blanchard, O. (2017). Macroeconomics. 7th Edition. Pearson Pindyck, R.S. & Rubinfeld, D.L. (2012). Introducción a la Economía: Microeconomía. Pearson. Prentice Hall Mochón Morcillo, F. (2009). Introducción a la Macroeconomía. Madrid. McGraw-Hill |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



1. A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia: a. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático b. Realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos

2. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores de sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais

3. Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade

4. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: A materia poderá ser adaptada ao estudiantado que precise a adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC/no centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa tutora ADI da Facultade de Humanidades.

(*) A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías